

RESOLUCIÓN DO 13 DE XUÑO DE 2012 POLO QUE SE ANULAN CURSOS DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA GALEGA PARA O PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Mediante Resolución do 15 de febreiro de 2012, publicada no DOG nº 35, do 20 de febreiro, convocáronse cursos de linguaxe administrativa galega para o persoal da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na base novena a) da Resolución do 15 de febreiro de 2012 establécese o seguinte:

“Novena.- Facultades da EGAP

- a) A EGAP e a secretaría Xeral de Política Lingüística resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión dos cursos, e pode suprimir algún, ampliar novas edicións da programación ou programar outros cursos diferentes cando así veña esixido por circunstancias que lle afecten a súa organización ou docencia. Así mesmo corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.”

A diminución nas transferencias de financiamento á Comunidade Autónoma de Galicia en concepto de formación para o emprego nas administración públicas e de acordo coa política orzamentaria, que implica o necesario equilibrio entre ingresos e gastos, esixe nestes momentos efectuar un axuste nos créditos asignados inicialmente á Escola Galega de Administración Pública, de acordo co principio de austeridade que preside a xestión do gasto público.

En consonancia co exposto no parágrafo anterior, e co obxectivo de cumprir a normativa en materia de estabilidade orzamentaria e déficit público.

RESOLVO

Anular as edicións dos cursos que se relacionan no Anexo desta resolución convocados por Resolución do 15 de febreiro de 2012

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2012.

O DIRECTOR DA EGAP


Pablo Figueroa Dorrego



ANEXO

CÓDIGO	NOME DO CURSO	EDICIÓN	DATA
FC12105	Superior de Linguaxe Administrativa Galega	T06	10/09 ao 04/11/2012
FC12105	Superior de Linguaxe Administrativa Galega	T07	10/09 ao 04/11/2012
FC12105	Superior de Linguaxe Administrativa Galega	T08	10/09 ao 04/11/2012